

RPT CONCELLO DE BETANZOS



MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BETANZOS

RPT CONCELLO DE BETANZOS



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ORGANIGRAMA MUNICIPAL
3. POSTOS OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA RPT
4. REGULAMENTO DO COMPLEMENTO DE ESPECIAL DEDICACIÓN
5. FICHAS DESCRITIVAS DOS POSTOS
6. TÁBOAS DE ASIGNACIÓN DE PUNTOS



RPT CONCELLO DE BETANZOS

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Betanzos como entidade de carácter territorial é titular, entre outras potestades, da autoorganización (artigo 4 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local). Esta potestade configúrase como unha potestade discrecional da Administración. En materia organizativa o Concello goza dun amplo poder que lle permite configurar as unidades e servizos dos que está dotada para o cumprimento da súa misión, con liberdade e sen máis límites que o respecto da legalidade e a submisión ao interese público. Neste senso a xurisprudencia do Tribunal Supremo afirmou de modo reiterado que a “potestade autoorganizativa que atribúe a estas a facultade de organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, á que lle compete o mandato contido no artigo 103.1 da CE, sen trabas derivadas do mantemento de formas de organización que se teñan amosado menos adecuadas para a satisfacción dese mandato, potestade de auto organización nas que a característica da discrecionalidade que domina o seu exercicio...)” (STS do 17 de novembro de 1997, sentenza do 2 de febreiro de 2000 e do 20 de setembro de 2000, etc., entre outras). A eficacia como principio constitucional esixe e impón a organización dos servizos conforme a este principio. Ou expresado noutros termos, o Concello non é libre de non organizar os servizos e unidades como queira senón conforme, entre outros principios, ao de eficacia.

O TSX de Navarra en sentenza do 6 de novembro de 2003, afirmou que a “configuración do cadro de persoal entra dentro da potestade de autoorganización de servizos que corresponde a Administración”, chegándose a afirmar na sentenza de 13 de setembro de 2002 deste mesmo tribunal que “na creación de prazas existe unha ampla discrecionalidade administrativa ao ser unha materia vinculada á potestade de auto organización que corresponde á Administración, sen que os funcionarios con carácter xeral teñan dereito a esixir a constitución das mesmas”. A xurisprudencia outórgalle unha ampla marxe de discrecionalidade á hora de configurar as prazas a Administración, naturalmente con suxeición á lei e aos principios xerais do dereito, e, polo tanto, ao cadro de persoal, como instrumento que recolle todas as prazas da Administración. A configuración e concepción destas debe ser a que mellor encaixe coas necesidades dos servizos e as máis adecuadas para satisfacer os intereses xerais.

Na mesma liña exposta, o TSX de Castela e León de Valladolid, na sentenza do 29 de marzo de 2009, afirma de modo claro e indiscutible que os entes públicos gozan de discrecionalidade á hora de confeccionar a relación de postos de traballo, que constitúe un dos instrumentos básicos por medio dos cales se leva a cabo aquela potestade de organización da Administración no réxime de función pública. Polo tanto, non só se ten discrecionalidade para intervir no cadro de persoal, senón tamén na relación de postos de traballo e dos postos de traballo para os que serve.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



Finalmente, insistindo na liña exposta o TSX de Andalucía de Granada na sentenza do 30 de maio de 2011, afirmou:

“La jurisprudencia tiene declarada que la aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo implica por parte de la administración, el ejercicio de su potestad autoorganizativa, la cual es incondicional y sus efectos se regulan por lo que determina el Ordenamiento Jurídico, habiendo reconocido reiteradamente el Tribunal Supremo como indiscutible, la potestad doméstica de la administración de organizar los servicios a su cargo en la forma que estime más conveniente a los intereses públicos, siempre que no se menoscabe el derecho ya adquirido por los funcionarios.

En este ámbito la actuación de la administración ha de relacionarse con sus facultades de autoorganización, que conectan con su discrecionalidad técnica”, en cuyo ejercicio se ha reconocido un alto grado de autonomía a los técnicos intervinientes en la valoración y clasificación de los puestos de trabajo para actuar conforme a sus criterios técnicos y razones de racionalización, pues no en vano, dicha potestad discrecional comporta la posibilidad de optar entre los dos o más soluciones todas ellas igualmente válidas según la Ley.

Así las Relaciones de Puestos de Trabajo son concebidas en nuestro ordenamiento como el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios y se fijan los requisitos para el desempeño de cada puesto”; tienen naturaleza normativa, atendiendo su valor ordinamental y las notas de generalidad, creación y permanencia, que en ellos concurren, diferenciandolas de los actos con destinatario plural e indeterminación pero carentes de contenido normativo.

En este sentido se ha de reconocer al órgano administrativo correspondiente de un alto grado de discrecionalidad dentro, naturalmente, de los parámetros legales que definen sus límites, pues en todo caso dicha discrecionalidad, al estar presidida por la idea de buen servicio de interés general; y la potestad autoorganizativa de las administraciones públicas, atribuye a ésta la facultad de reorganizar los servicios en la forma que estime más conveniente para su mayor eficacia, a la que le compete el mandato contenido en el artículo 103.1 de la Constitución (LA LEY 2500/1978), sin trabas derivadas del mantenimiento de formas de organización que hayan podido mostrarse menos adecuadas para la satisfacción de dicho mandato, potestad de autoorganización en la que es característica la discrecionalidad que domina si bien no puede confundirse con la arbitrariedad, siempre prohibida, ha tenido ocasión de señalar la jurisprudencia que la administración está facultada por el ordenamiento jurídico para modificar, unilateralmente, la normativa estatutaria del funcionario, frente a cuyo poder organizativo no se puede esgrimir con éxito otros derechos sino los que y por consolidación, hayan alcanzado la condición de adquiridos comprendiendo el concepto los de orden económico y los relativos al contenido de la función a realizar; como destaca la jurisprudencia del Tribunal Supremo, la relación funcional es el resultado de un acto condición” por virtud del cual el funcionario queda sujeto a un estatus legal, reglamentario, sometido en cualquier momento a la facultad innovadora de la administración (STS de 27-07-86)”.

O exposto, tradúcese en que o Concello está obrigado e facultado para modificar as estruturas organizativas da súa organización, modificando o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, cando o interese xeral así o esixe como manifestación da súa potestade discrecional de auto organización.



RPT CONCELLO DE BETANZOS

O alcance da potestade de autoorganización foi posta de relevo polo TSX da nosa Comunidade Autónoma na sentenza do 21 de xaneiro de 2004, que sinala que:

“O alcance da potestade de autoorganización, en síntese, alude ao conxunto de poderes dunha autoridade pública para a ordenación dos medios persoais, materiais e reais que se lle encomenden con obxecto de que sexa posible o exercicio de determinadas competencias e potestades públicas, entrando de cheo no que se denominan facultades discrecionais públicas, respecto das que a xurisdición contencioso-administrativa tan só poderá fiscalizar a adecuación, do acto ou da disposición, ao ordenamento xurídico, pero non entran a valorar os criterios de oportunidade ou conveniencia implícitos no exercicio da mesma e isto salvo, acreditación de manifesta arbitrariedade que entrañe desviación de poder, pois sometida, como toda potestade a legalidade, os poderes para ordenar a organización non poden constituír, so pretexto de que estamos ante unha facultade reconducida ao ámbito doméstico, un coto exento da submisión ao Dereito, unha patente de curso para alterar o réxime estatutario dos funcionarios públicos, pois tal proceder e concepción sería contrario ao artigo 9.1 e 103.1 da CE”.

A discrecionalidade o que esixe “son motivacións suficientes, discutibles ou non, pero considerables en todo caso e non meramente dunha calidade que o faga inatacable” (SSTS do 13 de xullo de 1984, 21 de novembro de 1985 etc.). A motivación da decisión administrativa é o “auténtico elemento diferenciado entre a discrecionalidade e a arbitrariedade” (STSJ de Castela e León de 29 de marzo de 2005).

Xunto con isto, debe recordarse que a Administración ten “a posibilidade (e nos diríamos obrigación) de organizar e reorganizar os servizos da maneira máis adecuada ao interese público para lograr a maior eficiencia na organización do Concello dado que pretender o mantemento inalterable das unidades administrativas nalgúns momentos deseñadas, a súa organización ou a súa integración no seo da Administración resulta complementemente absurdo” (STSJ de Andalucía de Granada de 21 de outubro de 2002).

A utilización da potestade de autoorganización como potestade discrecional o único que esixe e impón é que ademais de satisfacer os intereses públicos se motive, sen necesidade dunha motivación que sexa inatacable.

Así, co fin de corrixir estes desequilibrios e dar unha solución global e axustada ás necesidades dun municipio do tamaño que nos ocupa, estúdase a reestruturación organizativa neste documento.

Para a súa elaboración, partiuse da Relación de Postos de Traballo actualmente vixente, e aprobada no seu momento.

Por estes motivos, propónse a modificación puntual da RPT nos termos referidos nas vindeiras páxinas.

2. ORGANIGRAMA MUNICIPAL

RPT CONCELLO DE BETANZOS



Este apartado mostra o organigrama de áreas funcionais e postos de traballo proposto, considerado como máis apropiado para o funcionamento da entidade local.

O mesmo representa, dun modo gráfico, o desenvolvemento das áreas, servizos e unidades nas que se distribúe a actividade municipal.

Para a elaboración da proposta de estrutura municipal recollida neste documento seguíronse os criterios xerais definidos na RPT aprobada en 2020, tanto canto á codificación dos postos de traballo como á valoración destes.

A presente proposta de organización da estrutura municipal foi elaborada atendendo a varios criterios, a importancia dos cales é sumamente relevante á hora de definir as grandes áreas funcionais, así como para definir os servizos e unidades que as integran e, ao mesmo tempo, a misión de cada unha delas. Estes factores son os seguintes:


- Definición de Concello como entidade administrativa municipal.
- Servizos e instalacións ofertados dende o Concello.
- Demanda de servizos pola cidadanía.
- Capacidade de xestión municipal.
- Tipo e características deste (industrial, de servizos, etc.)

Os seguintes apartados recollen as modificacións feitas nos postos de traballo nas áreas determinadas.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



ORGANIGRAMA CONCELLO DE BETANZOS Modificación puntual





RPT CONCELLO DE BETANZOS

3. POSTOS OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA RPT

Nas páxinas seguintes recóllese as fichas descritivas dos postos de traballo afectados pola modificación da RPT.

3.1. POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR

09.01.01 **Inspector/a:** amortización deste posto no servizo de Policía da área de Seguridade, e o incremento dunha nova praza na ficha 50 da RPT.

09.01.19. **Policía local:** amortización deste posto no servizo de Policía da área de Seguridade, e o incremento dunha nova praza na ficha 50 da RPT.

3.2. POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN

04.02.06. **Responsable de análise financeira e relacións institucionais:** creación deste posto de traballo no servizo de Contratación e Patrimonio dentro da área de Contratación e Persoal por razóns organizativas do Concello.

09.01.21. **Auxiliar policía local:** creación deste posto de traballo no servizo de Policía da área de Seguridade por aplicación de sentenza xudicial de indefinición.

05.01.01.07. **Técnico/a de igualdade:** creación deste posto de traballo no servizo de Asuntos Sociais na área de Servizos Sociais por razóns organizativas do Concello.

06.01.01.10. **Patrón/a embarcación municipal / condutor/a:** creación deste posto de traballo na área de Servizos Múltiples por razóns organizativas do Concello.

3.3. POSTOS DE TRABALLO QUE MODIFICAN AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

Á vista das diferencias salariais existentes entre o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello, sobre todo no nivel que no seu día lle foi outorgado a cada posto e coa finalidade de camiñar cara a unha equiparación destes, no presente documento a modificación máis significativa dos postos é o incremento de dous niveles, aplicados a cada posto de persoal laboral que figura na vixente RPT, o que ocasiona a revisión total da puntuación de cada posto e outras que se indican a continuación:

01.02.04. **Conserxe:** modificación para diferenciar as distintas prazas (cambiando a numeración das fichas a 9A, 9B e 9C), resultando 3 fichas distintas, agrupadas segundo as funcións para desenvolver, singularizando unha das prazas e revisión da puntuación pola modificación nas funcións e no nivel dos complementos.



RPT CONCELLO DE BETANZOS

02.02. **Tesoureiro/a:** modificación deste posto de traballo que pasa a ser reservado a habilitación nacional.

05.01.01. **Coordinador/a e traballador/a servizos sociais:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores, así como a inclusión do grupo A1 por tratarse dun posto de dirección.

05.01.01.04-05. **Auxiliar de axuda a domicilio:** revisión do nivel, debido a que para desenvolver o seu posto de traballo se lles exige o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, este certificado equivale a un módulo dunha FP de grao medio, para o que é necesario estar en posesión do título da ESO, esixido para o grupo IV, o que ocasiona a conseguinte revisión da puntuación.

05.02.01.01. **Profesor/a escola infantil:** primeiramente modifícase a denominación dunha das prazas de este posto, pasando a ser o posto do seguinte punto (05.02.01.03.), debido á necesidade de ter na Escola Infantil unha figura de dirección, sen que deixe de realizar as funcións de profesora. Así mesmo, cómpre facer unha revisión da puntuación.

05.02.01.03. **Director/a profesor/a escola infantil:** posto modificado a partir do anterior, engádense ás funcións que xa tiña asignadas, funcións de dirección e coordinación.

06.02.01. **Encargado/a técnico/a especialista en electricidade:** modifícase o horario de deste posto de traballo (especial dedicación), as funcións e faise unha revisión da puntuación.

07.01. **Encargado/a de limpeza:** modifícase o grupo deste posto, debido a que non é coherente que o posto de encargado/a teña o grupo V, sendo o axeitado o grupo III, consecuentemente revísase toda a puntuación do posto.

07.01.01. **Conductor/a limpeza viaria:** existen na RPT outros postos de conductor con funcións asimilables ás deste posto, polo que se equipara tanto no grupo, como no nivel a estes e faise unha revisión total da puntuación.

08.01.01.01. **Profesor/a Conservatorio / Escola Municipal de Música (EMUM):** cambia a denominación do posto para adaptarse ás necesidades de organización do Concello, o que provoca unha revisión das puntuacións.

08.01.01.04. **Director/a profesor/a Conservatorio / Escola Municipal de Música (EMUM):** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello, e inclúense as funcións de dirección e coordinación do Conservatorio e a escola municipal de música, coa consecuente revisión da puntuación.

05.01.05. **Psicólogo/a:** revisión das funcións do posto e, consecuentemente, da puntuación.



RPT CONCELLO DE BETANZOS

05.02.01.02. **Técnico/a xardín de infancia:** revisión das funcións do posto e, consecuentemente da puntuación.

06.04.01-03. **Condutor/a:** singularización dunha das prazas deste posto de traballo (cambiando a numeración das fichas a 55A e 55B) e revisión nas funcións.

06.02.02. **Electricista:** revisión das funcións do posto e consecuentemente revisión da puntuación.

08.01.01.03. **Director/a profesor/a de baile tradicional EMUF:** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello, do horario do posto, e consecuentemente da puntuación.

08.01.01.03. **Profesor/a gaita/percusión EMUF:** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello e os erros detectados na puntuación.

06.01.01.07. **Xefe/a de grupo:** primeiramente modifícase a denominación dunha das prazas de este posto, pasando a ser o posto do seguinte punto (06.01.01.07) debido á necesidade de ter un encargado/a de Servizos Múltiples.

06.01.01.07. **Encargado/a de Servizos Múltiples:** posto modificado a partir do anterior, engádense ás funcións que xa tiña asignadas, funcións de dirección e coordinación, coa consecuente repercusión da puntuación, así como a modificación do horario, e inclúese a especial dedicación. Asígnaselle a ficha 63.

10.00.00.01. **Normalizador/a lingüístico/a:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

05.01.01.06. **Educador/a familiar:** modifícase a localización tras detectar un erro nesta. Engádense a especialidade na titulación e outros requirimentos necesarios para o posto.

06.01.01.08. **Capataz:** realízase unha corrección de erros da anterior RPT, na que se lle asignaba unha puntuación correspondente a outro posto.

08.01.01.06. **Profesor/a EMUF:** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello e os erros detectados na puntuación.

08.02.02. **Arquiveiro/a - bibliotecario/a:** modifícase o horario do posto coa correspondente revisión da puntuación.

08.01.01.08. **Técnico/a de son:** modifícase a localización do posto para axustarse á realidade.



RPT CONCELLO DE BETANZOS

08.03.01.01. **Técnico animador/a sociocultural (xuventude):** modifícase a denominación do posto e as funcións coa correspondente modificación na puntuación.

08.03.01.02. **Técnico/a cultura:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

08.04.01.01. **Axente de emprego:** modifícase o horario deste posto de traballo (especial dedicación), das súas funcións e faise unha revisión da puntuación.

08.04.01.04. **Técnico/a de turismo:** modifícase o horario de deste posto de traballo e faise unha revisión da puntuación.

08.04.01.05. **Técnico/a dinamizador/a CEMIT:** modifícase o horario de deste posto de traballo e faise unha revisión da puntuación.

08.05.01.01. **Director/a CFO:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

08.05.01.02. **Monitor/a forxa:** modifícase o horario de deste posto de traballo, faise unha revisión da puntuación e corríxense os erros detectados.

08.05.01.03 **Monitor/a carpintaría:** modifícase o horario de deste posto de traballo, faise unha revisión da puntuación e corríxense os erros detectados.

10.00.00.02. **Técnico/a de comunicación e relacións institucionais:** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello, modifícanse as funcións e modifícase o horario deste posto de traballo (especial dedicación) coa consecuente revisión da puntuación.

06.01.01.06. **Peón/a:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

08.01.01.02. **Profesor/a Conservatorio e Escola Municipal de Música (EMUM):** modifícase a denominación por necesidades organizativas e a titulación esixida, coa correspondente revisión de puntuacións.

01.03.01. **Coordinador/a do sistema do Esquema Nacional de Seguridade / técnico/a informático:** modifícase a denominación por necesidades organizativas do Concello e modifícanse as funcións coa consecuente revisión da puntuación.

06.01.01.09. **Albanel/a:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



07.01.02-03-04. **Operario/a de limpeza viaria:** revisión da puntuación debido a detectarse erros na valoración dos factores.

09.01.07-18. **Policía local:** modifícase a ficha para sumar un total de 15 prazas, incluíndo as dúas novas prazas derivadas da amortización do posto de inspector/a e do posto 09.01.19.. Ademais, modifícase a situación a 4 vacantes.

04.02.03. **Técnico/a de Administración Xeral:** Suprímese a especialidade requirida por necesidades organizativas do Concello.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



4. REGULAMENTO DO COMPLEMENTO DE ESPECIAL DEDICACIÓN

No punto 8 do artigo 22 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Betanzos, publicado no BOP da Coruña n.º 66 de data 6 de abril de 2017 e actualmente en vigor, está regulado o réxime de especial dedicación nos seguintes termos:

“O réxime de especial dedicación implicará a dispoñibilidade por razóns de servizo para o desenvolvemento dunha xornada adicional anual de 163 horas dispoñibles fóra do horario e quenda ordinarios sen dereito a compensación, así como a aplicación do réxime xeral de incompatibilidades previsto neste Convenio .

A Relación de Postos de Traballo determinará os postos de traballo suxeitos ao réxime de especial dedicación, así como as correspondentes retribucións.”

Debido ás necesidades de organización do Concello, faise necesaria a inclusión deste réxime de especial dedicación en distintos postos de traballo polo cal se procede a describir a aplicación retributiva do citado réxime de especial dedicación.

Para o cálculo das retribucións terase en conta o valor económico das horas extraordinarias que figuran no Anexo I do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Betanzos e aplicarase o valor hora que resulte de facer a media aritmética entre os tres valores hora regulados.

Neste punto cómpre sinalar que o grupo IIA non vén regulado no convenio, para o cálculo fíxose a media aritmética entre o grupo superior e o inferior. Este cálculo aplicarase ata o momento no que sexa regulada unha cantidade específica para o dito grupo.

Así, o complemento de especial dedicación resultarían, no momento actual:

GRUPO	HORA EXTRA NORMAL	HORA EXTRA FESTIVA OU NOCTURNA	HORA EXTRA FESTIVA E NOCTURNA	HORA ESPECIAL DEDICACIÓN	COMPLEMENTO ESPECIAL DEDICACIÓN (APLICADO ANUALMENTE)
I	23,71 €	35,57 €	53,35 €	37,54 €	6.119,56 €
II	19,65 €	29,47 €	44,21 €	31,11 €	5.070,93 €
IIA	18,06 €	27,09 €	40,64 €	28,60 €	4.660,99 €
III	16,47 €	24,71 €	37,06 €	26,08 €	4.251,04 €
IV	15,09 €	22,64 €	33,95 €	23,89 €	3.894,61 €
V	13,89 €	20,84 €	31,46 €	22,06 €	3.596,32 €

RPT CONCELLO DE BETANZOS



As cantidades da táboa anterior serán obxecto das actualizacións recollidas en futuros convenios do persoal laboral do Concello de Betanzos, así como nas leis de orzamentos do Estado.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



5. FICHAS DESCRIPTIVAS DOS POSTOS

Nas páxinas seguintes recóllense as fichas descritivas dos postos de traballo afectados pola modificación puntual da RPT.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 01.02.04			FICHA: 9A	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: CONSERXE (OFINAS XERAIS E ARQUIVO)					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A SECRETARIO/A XERAL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SECRETARÍA E ADMÓN. XRAL.	REXISTRO E ATENCIÓN AO PÚBLICO					
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	LABORAL	V	11	30,00		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZA S	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO/ FIN DE SEMANA	2	COMPLETA	INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E EDIFICIOS PÚBLICOS	
TITULACIÓN ESIXIDA: NON REQUIRIDA			ESPECIALIDADE: NON REQUIRIDA			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: CUSTODIAR AS INSTALACIÓNS E CONTROLAR AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. AUXILIAR NAS TAREFAS PROPIAS DO PERSOAL SUBALTERNO E REALIZAR PEQUENAS TAREFAS DE MANTEMENTO.						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Funcións comúns de vixilancia e custodia interior de oficinas, así como misións de conserxe, porteiro/a ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación, recollidas no artigo n.º 169 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. 2. Expedición de certificados de empadramento. 3. Información á cidadanía do estado de expedientes e outras actividades de apoio administrativo. 4. Información xeral e control de público nas oficinas municipais e colexios. 5. Apertura e peche de portas, luces e xanelas. 6. Prendido, control e apagado de calefacción e electricidade. 7. Preparación e reparto de correo e documentación nas distintas oficinas municipais. 8. Realizar a compra de material de oficina e calquera outro material consumible, así como xestións sinxelas en organismos ou institucións públicas ou privadas. 9. Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa area de traballo. 10. Realizar os avisos de mantemento. 11. Actos protocolarios. 12. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 01.02.04			FICHA: 9B	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: CONSERXE (BIBLIOTECA/ARQUIVO)					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A SECRETARIO/A XERAL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SECRETARÍA E ADMÓN. XRAL.	REXISTRO E ATENCIÓN AO PÚBLICO					
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	LABORAL	V	11	36,20		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZA S	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	PARTIDO/ FIN DE SEMANA	1	COMPLETA	INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E EDIFICIOS PÚBLICOS	
TITULACIÓN ESIXIDA: NON REQUIRIDA			ESPECIALIDADE: NON REQUIRIDA			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: CUSTODIAR AS INSTALACIÓNS E CONTROLAR AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. AUXILIAR NAS TAREFAS PROPIAS DO PERSOAL SUBALTERNO E REALIZAR PEQUENAS TAREFAS DE MANTEMENTO.						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Funcións comúns de vixilancia e custodia interior de oficinas, así como misións de conserxe, porteiro/a ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación, recollidas no artigo n.º 169 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. 2. Tarefas propias das instalacións onde desenvolve o seu traballo. 3. Información á cidadanía sobre as actividades que se realizan nas dependencias nas que desenvolve o seu traballo. 4. Información xeral e control de público nas oficinas municipais e edificios públicos. 5. Apertura e peche de portas, luces e xanelas. 6. Prendido, control e apagado de calefacción e electricidade. 7. Preparación e reparto de correo e documentación nas distintas oficinas municipais. 8. Realizar a compra de material de oficina e calquera outro material consumible, así como xestións sinxelas en organismos ou institucións públicas ou privadas. 9. Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa area de traballo. 10. Realizar os avisos de mantemento. 11. Actos protocolarios. 12. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 01.02.04			FICHA: 9C	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: CONSERXE (EDIFICIOS MÚLTIPLES)					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A SECRETARIO/A XERAL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SECRETARÍA E ADMÓN. XRAL.	REXISTRO E ATENCIÓN AO PÚBLICO					
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	LABORAL	V	11	30,00		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO/ FIN DE SEMANA	2	COMPLETA	INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E EDIFICIOS PÚBLICOS	
TITULACIÓN ESIXIDA: NON REQUIRIDA			ESPECIALIDADE: NON REQUIRIDA			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: CUSTODIAR AS INSTALACIÓNS E CONTROLAR AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. AUXILIAR NAS TAREFAS PROPIAS DO PERSOAL SUBALTERNO E REALIZAR PEQUENAS TAREFAS DE MANTEMENTO.						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Funcións comúns de vixilancia e custodia interior de oficinas, así como misións de conserxe, porteiro/a ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación, recollidas no artigo n.º 169 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Régime Local. 2. Tarefas propias das instalacións onde desenvolve o seu traballo. 3. Información á cidadanía das actividades que se realizan nas dependencias nas que desenvolve o seu traballo. 4. Información xeral e control de público nas oficinas municipais e colexios. 5. Apertura e peche de portas, luces e xanelas. 6. Prendido, control e apagado de calefacción e electricidade. 7. Preparación e reparto de correo e documentación nas distintas oficinas municipais. 8. Realizar a compra de material de oficina e calquera outro material consumible, así como xestións sinxelas en organismos ou institucións públicas ou privadas. 9. Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa area de traballo. 10. Realizar os avisos de mantemento. 11. Actos protocolarios. 12. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 01.03.01			FICHA: 11	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: COORDINADOR/A DO SISTEMA DO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE / TÉCNICO/A INFORMÁTICO					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A SECRETARIO/A XERAL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SECRETARÍA E ADMÓN. XRAL.	COMUNICACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS	ADMÓ N. ESPECI AL	TÉCNICA			
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	FUNCIONARIO/ A	B	24	72,70		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZA S	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO SEMANA	1	COMPLETA	INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E EDIFICIOS PÚBLICOS	
TITULACIÓN ESIXIDA: FP GRAO SUPERIOR			ESPECIALIDADE: INFORMÁTICA, TELECOMUNICACIÓNS E TELEMÁTICA			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: DARLLE SOPORTE TECNOLÓXICO AO CONCELLO COORDINAR A SEGURIDADE INFORMÁTICA/RESPONSABLE DO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Coordinación, implementación e mantemento dos labores requiridos para o mantemento do Esquema Nacional de Seguridade como responsable do sistema (nomeado polo Pleno do 16/11/2023). 2. Estudar, desenvolver e propoñer a implementación de novas tecnoloxías, aplicacións e sistemas. 3. Impulsar o adecuado uso dos recursos tecnolóxicos municipais como unha ferramenta de xestión. 4. Proporcionar o soporte técnico adecuado ao resto de unidades e servizos municipais. 5. Realizar a análise, deseño e desenvolvemento de novos sistemas de información propostos por outras unidades ou servizos. 6. Supervisar todo proxecto informático municipal contratado a terceiras persoas, ademais de ser o/a interlocutor/a técnico/a que sirva de enlace entre as empresas externas e o Concello de Betanzos. 7. Velar pola integridade, seguridade e coherencia da información almacenada nos sistemas municipais, así como a elaboración dos plans de continxencia a seguir no caso de producirse situacións nas que estas se poidan ver afectadas. 7. Realizar o mantemento de todos os sistemas informáticos municipais, así como da tecnoloxía en uso en cada momento. 8. Configurar os equipos, sistemas e periféricos. 9. Supervisar e manter o adecuado funcionamento de todos os sistemas. 10. Planificar, organizar, dirixir e controlar os esforzos, actividades e recursos relacionados coas Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns. 11. Responsable da protección de datos.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



12. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABAJO N.º 02.02			FICHA: 16	
NOME DO POSTO DE TRABAJO: TESOUREIRO/A					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A ALCALDÍA	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SERVIZOS ECONÓMICOS	TESOURERÍA	HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL	TÉCNICA	SUPERIOR		
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	FUNCIONARIO/ A	A1	28/26	74,40		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO SEMANA	1	COMPLETA	CONCELLO	
TITULACIÓN ESIXIDA: TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO			ESPECIALIDADE:			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA DAS FUNCIÓNS DE TESOUREARÍA MANEXO E CUSTODIA DE FONDOS, VALORES E EFECTOS						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. A función de tesourería do Artigo n. 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE nº 67, do 17 de marzo), que comprende: a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local. b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes. c) A elaboración de informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigas da Entidade Local. d) A dirección dos servizos de xestión financeira da Entidade Local e a proposta de concertación ou modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión. e) A elaboración e acreditación do período medio de pago a provedores da Entidade Local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que deban ser subministrados a outras administracións ou publicados na web. 2. A función de xestión e recadación do Artigo n. 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE nº 67, do 17 de marzo), que comprende: a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación. b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



- c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación.
 - d) Ditar a providencia de apremio nos expedientes administrativos de este carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.
 - e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan da xestión recadatoria.
3. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALO N.º 04.02.06			FICHA: 26	
NOME DO POSTO DE TRABALO: RESPONSABLE DE ANÁLISE FINANCEIRA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A ALCALDÍA	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN		ESCALA	SUBESCALA	CLASE	
CONTRATAÇÃO E PERSOAL	CONTRATAÇÃO E PATRIMONIO		ADMO N. XRAL.	INTERVENCIÓ N/ TESOURERÍA		
TIPO DE POSTO	RELACIÓ LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	FUNCIONARIO/ A	A1	28/26	74,40		
PROVISIÓ POSTO	SITUACIÓ	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓ	
CONCURSO	VACANTE	CONTINUO SEMANA	1	COMPLETA	CONCELLO	
TITULACIÓ ESIXIDA: TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO			ESPECIALIDADE: DEREITO, CIENCIAS POLÍTICAS, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: ANÁLISE FINANCEIRA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Labores de execución, instrución e coordinación xeral das diferentes actividades da área de Comercio, Feiras e Mercados e Réxime Interior, fundacións e fondos europeos baixo a autoridade directa da Alcadía e concelleiros/as delegados/as. 2. Xustificación de subvencións e axudas solicitadas polo Concello das que se lle faga responsable e coordinar as derivadas dos fondos europeos e axenda urbana. 3. Apoio aos distintos departamentos na coordinación e tramitación dos expedientes de responsabilidade en materia de feiras, mercados, fundacións e fondos europeos no relativo a asuntos económicos. 4. En materia de contratación administrativa realizar os estudos de viabilidade económico-financeira nos contratos de concesión de servizos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público. 5. Posta en funcionamento e xestión, se así se solicita, dos servizos derivados da concesión de subvencións de calquera administración incluíndo os fondos europeos. 6. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 04.02.03.			FICHA: 27	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: TÉCNICA/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A ALCALDÍA	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
CONTRATACIÓN E PERSOAL	CONTRATACIÓN E PATRIMONIO	ADMON. XERAL	TÉCNICA	-		
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
SINGULARIZADO	FUNCIONARIO/ A	A2	24	60,00		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	VACANTE	CONTINUO SEMANA	1	COMPLETA	CONCELLO	
TITULACIÓN ESIXIDA: TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO			ESPECIALIDADE:			
OUTROS REQUIRIMENTOS:						
RESPONSABILIDADES XERAIS: REALIZAR AS TAREFAS ADMINISTRATIVAS DOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS.						
FUNCÍONS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. As sinaladas no Artigo 169. 1a) do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior. 2. Informar xuridicamente os expedientes do departamento de Contratación e Persoal. 3. Realizar as tarefas que se lle requiran en materia de contratación administrativa, entre outras: elaboración dos pregos de condicións, redacción dos contratos, etc. 4. Responsabilizarse da tramitación dos expedientes de Responsabilidade Patrimonial e Administración. 5. Tramitar os expedientes de Patrimonio, no referente aos aspectos xurídicos e de tramitación. 6. Asesorar, xestionar, tramitar, controlar e facer seguimento dos expedientes en materia de persoal, asistir ás Comisións de Persoal, participar na elaboración da Orde do día e levantar acta das reunións. 7. Responsabilizarse da posta ao día do Inventario Municipal de Bens. 8. Supervisar, xestionar e manexar a plataforma de contratación. 9. Xestionar os contratos públicos de acordo á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. 10. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 05.01.01			FICHA: 29	
NOME DO POSTO DE TRABALLO: COORDINADOR/A E TRABALLADOR/A SERVIZOS SOCIAIS					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A ALCALDÍA	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SERVIZOS SOCIAIS	ASUNTOS SOCIAIS	ADMO N. XRAL.	TÉCNICA	SUPERIOR		
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	FUNCIONARIO/A	A1/A2	26	84,00		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO SEMANA	1	COMPLETA	LOCAL ASUNTOS SOCIAIS E VIVENDAS DOS/AS USUARIOS/AS DO SERVIZO	
TITULACIÓN ESIXIDA: TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO			ESPECIALIDADE: TRABALLO SOCIAL			
OUTROS REQUIRIMENTOS: PERMISO DE CONDUCIR B						
RESPONSABILIDADES XERAIS: COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS DE ASUNTOS SOCIAIS, ASÍ COMO A COORDINACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO.						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Coordinar o equipo de traballo e as tarefas do persoal de asuntos sociais. 2. Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio, a través da observación, atención da demanda e a investigación. 3. Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectadas. 4. Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso. 5. Promoción da toma de conciencia polas comunidades e individuos dos seus problemas, facilitándolle a participación nas tarefas comunitarias, impulsando o asociacionismo e fomentando actitudes e conciencia solidaria. 6. Promoción e desenvolvemento local a través de información e orientación individual e colectiva, así como apoio aos grupos portadores de iniciativas, negociación con empresarios/as, e todas as accións que leven consigo o incentivo socioeconómico do municipio. 7. Axuda á integración de persoas, familias e grupos que o precisen, favorecendo solucións de reinserción social, evitando situacións de marxinación e/ou exclusión social. 8. Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo. 9. Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións. 10. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 05.01.01.04-05			FICHA: 32	
NOME DO POSTO DE TRABALLO:					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A	
AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (SAF)					COORDINADOR/A TRABALLADOR/A SOCIAL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SERVIZOS SOCIAIS	ASUNTOS SOCIAIS					
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	LABORAL	IV	11	35,00		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZAS	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO SEMANA	3	COMPLETA	LOCAL ASUNTOS SOCIAIS E VIVENDAS DOS/AS USUARIOS/AS DO SERVIZO	
TITULACIÓN ESIXIDA: NON REQUIRIDA			ESPECIALIDADE: NON REQUIRIDA			
OUTROS REQUISITOS: CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS. PERMISO DE CONDUCIR B						
RESPONSABILIDADES XERAIS: COLABORAR NAS TAREFAS DE AXUDA A DOMICILIO SEGUINDO AS INSTRUCIÓNS DO/A COORDINADOR/A DA ÁREA.						
FUNCIÓNS MÁIS SIGNIFICATIVAS: 1. Realizar as tarefas domésticas nos domicilios. 2. Control da medicación das persoas usuarias. 3. Control das curas das persoas usuarias. 4. Axuda na administración da economía familiar. 5. Control das casas, familias, realización de recados, etc. 6. Realizar aseos persoais ás persoas usuarias. 7. Acompañamentos das persoas usuarias. 8. Preparación de comidas nos domicilios. 9. Apoio psicolóxico ás familias. 10. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a						

RPT CONCELLO DE BETANZOS



		DESCRIBIÓN DO POSTO DE TRABALLO N.º 05.02.01.01			FICHA: 33	
NOME DO POSTO DE TRABALLO:					SUPERIOR/A XERÁRQUICO/A	
PROFESOR/A ESCOLA INFANTIL					DIRECTOR/A PROFESOR/A ESCOLA INFANTIL	
DEPARTAMENTO	UNIDADE ADSCRICIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE		
SERVIZOS SOCIAIS	ESCOLA INFANTIL					
TIPO DE POSTO	RELACIÓN LABORAL	GRUPO	NIVEL	C.E. PUNTOS		
NON SINGULARIZADO	LABORAL	II	18	39,20		
PROVISIÓN POSTO	SITUACIÓN	HORARIO	N.º PRAZA S	XORNADA	LOCALIZACIÓN	
CONCURSO	OCUPADO	CONTINUO SEMANA	2	COMPLETA	ESCOLA INFANTIL	
TITULACIÓN ESIXIDA: TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO			ESPECIALIDADE: MAXISTERIO INFANTIL			
OUTROS REQUIRIMENTOS: CARNÉ DE MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO REXISTRO CENTRAL DE DELICUENTES SEXUAIS CURSO PRIMEIROS AUXILIOS						
RESPONSABILIDADES XERAIS: MISIÓN EDUCATIVA, ORIENTATIVA FAMILIA-ESCOLA E PROGRAMACIÓN DUN PROXECTO DE CENTRO						
